

<p style="text-align: center;">Acta da sesión constitutiva da Deputación Provincial de Ourense do día 28 de xuño de 2019</p>

Na cidade de Ourense, o vinte e oito de xuño de dous mil dezanove, ás 12.00 horas, e para cumprir o que dispoñen os artigos 207 da Lei orgánica do réxime electoral xeral e 57 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, segundo convocatoria do Sr. presidente, en funcións, do 25 de xuño de 2019, reúnen no salón de actos do Pazo Provincial os señores deputados e as señoras deputadas electos/as, en virtude das eleccións convocadas polo Real decreto 209/2019, do 1 de abril (BOE n.º 79 do día 2 de abril).

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, desenvolveuse a sesión do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo - acta, no seguinte enlace:

videoacta.depourense.es

Ao inicio da sesión de constitución da Deputación Provincial para o mandato 2019-2023, o secretario xeral dá conta dos acordos de proclamación de electos adoptados polas distintas Xuntas Electorais de Zona, con indicación do nome e apelidos dos deputados electos.

A continuación, dá conta, igualmente, da presentación das preceptivas declaracións de bens e actividades por parte dos deputados/as electos/as, e de que igualmente se atopan a disposición dos señores deputados os datos correspondentes ao arqueo realizado polos servizos de Intervención e Tesourería, así como os xustificantes das existencias en metálico e valores propios da Corporación e a documentación correspondente ao inventario de bens.

Seguidamente, o secretario informa de que debe procederse á constitución da Mesa de Idade, integrada polos deputados de maior e menor idade presentes no acto, que resultan ser don Miguel Antonio Cid Álvarez e don Diego Fernández Nogueira, respectivamente, aos que lles pide que pasen a ocupar a presidencia para a constitución da mesa, que constitúe o primeiro punto da orde do día da sesión.

Acta da sesión constitutiva da Deputación Provincial de Ourense do día 28 de xuño de 2019
--

1.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE E COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS.-

Don Miguel Antonio Cid Álvarez e don Diego Fernández Nogueira abandonan os seus escanos e toman posesión dos seus cargos como deputados mediante prestación de xuramento ou promesa en forma legal, séndolles imposta a medalla conmemorativa.

A continuación, pasan a ocupar os asentos de Presidencia. O secretario pon a disposición dos membros da Mesa as credenciais dos deputados electos.

O presidente da Mesa de Idade declara esta constituída, continuándose co tratamento dos seguintes puntos da orde do día da sesión constitutiva.

2.- TOMA DE POSESIÓN DOS SEÑORES DEPUTADOS E DEPUTADAS.-

O presidente da Mesa anuncia que se vai proceder á toma de posesión do resto de deputados da Corporación, aos que se chamará por orde alfabética, pedíndolle ao Sr. secretario que comece a facer os chamamentos.

O Sr. secretario inicia os chamamentos, prestando xuramento ou promesa en forma legal todas/os as/os deputadas/os electas/os, imponéndoseles a cada deputada e deputado a medalla conmemorativa.

As deputadas e deputados electos e que forman parte da Corporación, son os seguintes, por orde alfabética:

Apelidos	Nome
Alonso Araujo	Aurentino
Álvarez Dobaño	Plácido
Baltar Blanco	José Manuel
Caride Domínguez	José Miguel
Cid Álvarez	Miguel Antonio
Doporto Real	Luz
Fernández Fernández	Rosendo Luís
Fernández Gil	César
Fernández López	Álvaro José
Fernández Nogueira	Diego
Gómez Pérez	José Ignacio
Lama Fernández	Elvira
Lama Novoa	Montserrat
Ojea Bouzo	Armando
Pérez Fernández	Margarita

Acta da sesión constitutiva da Deputación Provincial de Ourense do día 28 de xuño de 2019
--

Pérez Pérez	Pablo
Pumar Tesouro	Jorge
Rodríguez Estévez	Susana
Rodríguez Villarino	Rafael
Seoane Fidalgo	Gerardo
Torres Madureira	Patricia
Varela López	Bernardo
Vila Araújo	Álvaro
Villarino Pardo	Ana María
Vispo Seara	María del Consuelo

3.- DECLARACIÓN DE CONSTITUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.-

Unha vez concluída a toma de posesión de todos/as os/as deputados/as electos/as presentes no acto, e concorrendo o quórum esixido na lexislación vixente, o presidente da Mesa declara constituída a Deputación Provincial de Ourense para o mandato 2019 - 2023.

4.- DETERMINACIÓN DO SISTEMA DE VOTACIÓN PARA A ELECCIÓN DO PRESIDENTE.-

O presidente da mesa anuncia que a vixente lexislación de réxime local establece tres sistemas: a votación ordinaria e a nominal, previstas na Lei de bases do réxime local e a votación secreta, prevista no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais para a elección de persoas. A tradición seguida nesta Deputación Provincial é a do emprego da votación secreta para a elección da Presidencia, polo que desde a mesa de idade se propón o emprego da votación secreta como sistema de elección do presidente e, por conseguinte, sométese a votación esta proposta, que resulta aprobada por unanimidade da Corporación.

5.- ELECCIÓN DO PRESIDENTE.-

Unha vez determinado o sistema de votación, procede a formulación de candidaturas á Presidencia. De acordo do artigo 207 da Lei orgánica de réxime electoral xeral, pode ser candidato ou candidata calquera deputado ou deputada provincial. Solicítase que os deputados ou deputadas que desexen formular a súa candidatura llo comuniquen neste momento á mesa, resultando os seguintes candidatos: D. José Manuel Baltar Blanco; D. Rafael Rodríguez Villarino e dona Montserrat Lama Nova.

Acta da sesión constitutiva da Deputación Provincial de Ourense do día 28 de xuño de 2019

O presidente da mesa de idade pídelle ao Sr. secretario que lle explique á Corporación o modo no que se vai realizar a votación.

O Sr. secretario explícalles aos señores deputados e señoras deputadas que teñen unha papeleta nos seus escanos para cubrir co nome da persoa que elixan para ocupar a Presidencia e que se depositará nunha urna, para o que volverá chamar aos deputados e deputadas por orde alfabética.

Unha vez concluída a votación procédese ao escrutinio e o resultado é o seguinte:

D. José Manuel Baltar Blanco: 14 votos.

D. Rafael Rodríguez Villarino: 10 votos.

D. ^a Montserrat Lama Novoa: 1 voto.

Á vista do resultado, proclámase como presidente electo a don José Manuel Baltar Blanco, ao obter en primeira votación un número de votos favorables equivalentes á maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

6.- TOMA DE POSESIÓN DO PRESIDENTE.-

O presidente da Mesa convida ao presidente electo a tomar posesión do seu cargo.

O novo presidente achégase á mesa para tomar posesión do seu cargo prestando xuramento. **D. Diego Fernández Nogueira** imponse a medalla corporativa e **D. Miguel Antonio Cid Álvarez** faille entrega do bastón de mando.

Acto seguido, os membros da Mesa de Idade retíranse aos seus escanos. O presidente da Deputación, que acaba de ser elixido, ocupa o seu posto na presidencia, e toma a palabra para pronunciar o seu discurso de investidura, nos seguintes termos:

“Sras. e Sres deputados.

Alcalde de Ourense.

Expresidentes Deputación.

Autoridades e representacións.

Sras. e Sres.

Medios de comunicación.

Ourensáns.

Acta da sesión constitutiva da Deputación Provincial de Ourense do día 28 de xuño de 2019
--

Comezo coas mesmas verbas que encabezaban os meus discursos de toma de posesión o 6 de febreiro de 2012 e o 14 de xullo de 2015 neste mesmo salón de sesións: “Son Ourensán e Creo en Ourense”. Hoxe engado algo máis que espero compartir con todos vostedes: “Son Ourensán, creo en Ourense e sinto Paixón por Ourense”.

Vimos de constituír formal e legalmente esta Corporación, na que recae a representación da veciñanza, a vontade soberana dos ourensanos e das ourensás que exerceron, libre e democraticamente, o seu voto o pasado vinte seis de maio. A primeira Corporación Provincial de Galicia en constituírse e unha das primeiras de España. Correspóndeme, como candidato da forza política que tivo maior apoio electoral, en representación dos 462 concelleiras e concelleiros da miña formación– o 52`74 % do número total da provincia-, asumir a responsabilidade de presidir, novamente, o Goberno Provincial de Ourense. Nesta ocasión mercede ó apoio dos doce deputados do Grupo Popular e dos 2 deputados de Democracia Ourensana. Moitas grazas pola súa, pola vosa , confianza.

Serei o presidente de todos.

Fágoo novamente sendo como fun o único candidato a presidir o goberno provincial, cun programa electoral para gobernar esta provincia, o “Ourense 72-73” que, dende hoxe, convértese en Plan de Mandato e que constitúe xa a folia de ruta da visión integral da provincia de Ourense que defendemos. Un candidato, un programa, un equipo.

E un obxectivo: un mellor Ourense.

Fágoo con ilusión renovada e con afán de superación, coa satisfacción de termos traballado arreo para levar a cabo o Plan “Ourense 15-19”, que nos fixamos hai 1446 días –o 14 de xullo de 2015- e do que só vou salientar tres cuestións: a débeda cero, o liderado nacional en transparencia e a visibilidade de Ourense nos órganos de decisión e en foros nacionais e internacionais. Xestión con maiúsculas. Algo que, evidentemente, non se consegue só con palabras.

Fágoo empregando neste novo escenario político dúas verbas que o presidirán esta miña intervención: HUMILDADE e REILUSIONAR. A humildade que debe sempre caracterizar a representación política. A humildade que significa aprender da xente, aprender de Ourense. A humildade que defino como facer política sen deixar de mirar á provincia. A humildade que se

<p style="text-align: center;">Acta da sesión constitutiva da Deputación Provincial de Ourense do día 28 de xuño de 2019</p>

basea no recoñecemento dos erros para superalos e non volver a cometelos. A forma máis rápida de avanzar é recoñecendo aquilo que puidemos facer mellor. Todos nos equivocamos e a nosa tarefa é acertar nas decisións e corrixir as erradas.

Dende esa HUMILDADE todos debemos, como equipo de goberno, pero tamén como corporación provincial, acometer o labor de REILUSIONAR a Ourense. A veciñanza, toda, ben seguro que nalgún momento estivo ilusionada, ou o está, polo futuro da nosa provincia, por diferentes motivos.

Reilusionar significa facer de Ourense un lugar que atraia talento. Reilusionar implica amosar a nosa mellor cara, sorprender positivamente coa nosa gobernanza. Reilusionar persigue que os feitos falen por nós e reilusionar pretende sempre tender pontes. Tender pontes con persoas e institucións. E sempre esta administración pública ten un obxectivo preferente: os concellos da nosa provincia. A Deputación ten que ser a gran consultora dos concellos de Ourense. Ese apoio que seguirá sendo o noso principal leitmotiv, a todos os concellos, por suposto tamén ao da capital da provincia, á cidade de Ourense onde nos atopamos.

Quérolle, dar a miña máis cordial benvida ás Señoras e Señores deputados que se incorporan, extensiva ós que renovan mandato, na confianza de que Ourense será o grande eixo arredor do que xire a nosa tarefa común, o motor principal desta Cámara de representación política. En beneficio desa forza motriz, colocando Ourense por riba de calquera outro interese, ben seguro que nos encontraremos e que sumaremos esforzos. Só acadando compromisos e consensuando proxectos, seremos mais fortes; en Santiago, en Madrid, en Bruxelas e nos principais centros de poder político e económico onde Ourense merece estar máis presente. Tamén en calquera parte do ancho mundo onde haxa unha muller, un home ou unha comunidade da nosa estirpe, porque a ourensanía non ten lindeiros.

Aproveitemos, pois, a evidente renovación -trece dos vinte cinco deputados provinciais- para chegar a acordos superadores de intransixencias e rencores vellos, atallemos a marxinación con unidade e afouteza. Elevemos Ourense entre todos - moito máis ca unha provincia e un territorio administrativo-, poñámola á altura que lle corresponde nunha Galicia autónoma que, por suposto, debe aspirar a maiores cotas de autogoberno, como nacionalidade histórica, como nación cultural diferenciada, solidaria e xenerosa nunha España plural que avance e non

Acta da sesión constitutiva da Deputación Provincial de Ourense do día 28 de xuño de 2019
--

retroceda; un conxunto de pobos e de identidades distintos, historicamente unidos. Fagámonos oír, asimesmo, aportando o mellor que temos e reclamando o que nos corresponde na Europa Unida, especialmente no ámbito das entidades de goberno intermedias e do municipalismo.

Fagamos Ourense dende a IGUALDADE- e o digo hoxe,

Día internacional do orgullo LGBT-

Fagamos Ourense pensando no futuro da nosa MOCIDADE.

Fagamos Ourense poñendo en valor o compromiso con esta terra dos nosos EMIGRANTES.

Fagamos Ourense co exemplo de ourensáns como a cardióloga, Marisa Crespo Leiro, directora da Unidade de Transplantes de Corazón do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña, que hoxe recibe a Medalla Castelao e a quen aproveito para felicitar publicamente.

Fagamos Ourense esa ambición e visión da ourensá Laura González Molero, presidenta da Asociación para o Progreso da Dirección - cando di que “ estar en Ourense xa non é unha limitación. Hai grandes empresas e haberá máis”.

Fagamos Ourense coa inspiración da paleoantropóloga ourensá, María Martín-Torres, a primeira española recoñecida polo Real Instituto Antropológico de Gran Bretaña e Irlanda.

Fagamos Ourense.

Moitas veces, Señorras e Señores Deputados, amigos e amigas, a Historia é un espello onde atopar respostas. Non para ollarnos nel en actitude narcisista, senón para pescudar, con prudente interese e sen ánimo comparativo, no fondo do espello - apelando, con permiso, á metáfora poética dun grande escritor ourensano, Xosé Luís Méndez Ferrín.

E así resulta que o venres 12 de Outubro de 1928, La Zarpa, subtítulo Diario de los Agrarios Gallegos, anunciaba a toda plana que: Hoy Orense rendirá un grandioso homenaje a Basilio Álvarez, nombrado Hijo Predilecto de la provincia por la Diputación”. Polo Programa de Actos, no mencionado periódico, sabemos que estaba previsto, ás 12 do mediodía, que representacións da “Excma Diputación” e do “Excmo Ayuntamiento”, encabezadas polo presidente provincial e polo alcalde, seguidas doutras autoridades, comisións e público en xeral, precedidas polos sons da Banda de Música municipal, se trasladasen á casa natal do homeaxeado, Avda de Buenos Aires 12, para develar unha placa conmemorativa, sendo o orador principal “ el culto publicista e ilustre director del Instituto de

Acta da sesión constitutiva da Deputación Provincial de Ourense do día 28 de xuño de 2019
--

Segunda Enseñanza, don Ramón Otero Pedrayo”, e engadindo que, “ seguidamente el laureado coro De Ruada cantará el Himno Regional”.

Ata aquí unha páxina, nunca mellor dito, do noso Ourense. Mais este retallo achéganos a unha figura excepcional; Basilio Álvarez (Ourense, 1877-Tampa, Florida, 1943) o cura líder de Acción Gallega, o axitador do movemento agrarista, o político, o escritor, o orador, o revolucionario que nunca perdeu a fe, nin no pobo nin en Ourense. O historiador José Antonio Durán, un dos primeiros interesados na vida, no pensamento e na acción do abáde de Beiro, defíneo así “unha das personalidades máis atractivas e complexas da intrahistoria ourensá, galega e española do século XX”.

Case ninguén sabe hoxe que Basilio Álvarez foi un dos poucos españois do seu tempo que demostrou capacidade para establecer relacións operativas, na política e na cultura, con personaxes de varias xeracións e de campos moi diversos, mesmo antitéticos. Tan rica e complexa habelencia víñalle de Ourense, él soubo levala a Madrid, a La Habana e a Bos Aires.

Remato esta evocación histórica, máis acaída do que parece ó panorama actual, cun texto do lembrado Marcos Valcárcel, o ourensano que lle dá nome e prestixio ó Centro Cultural da Deputación: “A coalición lerrouxista-azañista, Partido Radical de Orense -no que sobresaía daquela Basilio Álvarez- e Acción Republicana, competiu nas eleccións constituíntes da segunda República, xuño de 1931, coa alianza de centro- esquerda: Partido Republicano Radical-Socialista, Partido Socialista Obrero Español e Partido Nazonalista Republicano de Ourense- e cos monárquicos. Tras unha dura e intensa campaña, as nove actas de deputados pola provincia repartíronse así: radicais lerrouxistas tres (un deles Basilio Álvarez), republicanos de Azaña un, radicais-socialistas dous, PSOE un, e galeguistas ourensanos un (Ramón Otero Pedrayo). Os monárquicos obtiveron un só escano (José Calvo Sotelo).

En todo caso, penso que debemos aprender da Historia, pero fundamentándonos no presente e proxectándonos no futuro. Pola nosa parte o ideario segue a ser o mesmo: centrismo, galeguismo, reformismo, municipalismo e europeísmo. Neste mandato a provincia acadará a ansiada condición de porta de entrada do AVE en Galicia, exercendo con máis razón a capitalidade da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Acta da sesión constitutiva da Deputación Provincial de Ourense do día 28 de xuño de 2019
--

A política do pacto e a política do acordo, a que hoxe visualízase aquí coa miña nova investidura da que considero máis alta honra política: presidir Ourense. A política do pacto que foi tamén unha constante na Xunta de Goberno da FEMP á que pertenzo. A Xunta de Goberno que manterá un encontro con El Rei de España Felipe VI, o vindeiro día 3 de xullo, conmemorando os 40 anos de concellos e deputacións DEMOCRÁTICOS en España.

Esa política do pacto que viñemos practicando para lograr a unanimidade na miña elección como Presidente de Partenalia, a asociación europea de gobernos provinciais, con presidentes de tódalas cores políticas, en España e fóra de España. Como vicepresidente na Confederación Europea de Poderes Locais Intermedios, sendo o único español dos 1167 gobernos europeos que a conforman.

Ou esta mesma semana coa elección unánime como Presidente da Asociación Europea de Cidades Históricas Termas...unanimidade de gobernos de 51 sitios termas de Europa que pertencen a 20 nacións. Iso é diálogo e altura de miras, iso é xestión política e liderado institucional. Iso é Ourense.

O 2019-2023 será o mandato do Xacobeo 21, no que os camiños de Santiago que atravesan o noso territorio cobrarán maior protagonismo. Consolidaremos a Ourense como a gran provincia termal de España e de Europa. E aquí abrirá as súas portas o Centro Galego de Innovación na Formación Profesional e o edificio Provincia Intelixente, que acollerá máis e mellor emprego tecnolóxico, continuando o emprendido con IBM.

Seremos Patrimonio Mundial da UNESCO, distinción que ostentará a maxestosa Ribeira Sacra, incrementando así o turismo de calidade...somos Destino Turístico Intelixente....en todas estas iniciativas estivo e estará a Deputación, o goberno provincial que volvo a presidir. Tamén promovendo, da man da Universidade de Vigo, o Observatorio Internacional do Medio Rural, unha excelente oportunidade para innovar e poñer en valor o noso potencial agroalimentario e forestal - co viño como protagonista-.

Outra ferramenta máis para as políticas que debemos seguir implementando no ámbito do reto demográfico.

Señoras Deputadas e Señores Deputados non quixera rematar esta intervención sen volver a repetir as dúas verbas que considero fulcrais nesta nova etapa política : HUMILDADE e

Acta da sesión constitutiva da Deputación Provincial de Ourense do día 28 de xuño de 2019
--

REILUSIONAR. Humildade como actitude permanente e Reilusionar como obxectivo de goberno irrenunciabile.

Volvo, para dar cimeira a esta intervención, a un texto de Basilio Álvarez, publicado en 1932: “ ¡Ourense! Yo no sé si será porque nací en él, pero a mí se me figura que este pueblo es el que tiene el estilo más acusado. Bello y personalísimo, Orense es la inquietud y la gracia y, acaso, la alegría; pero, más que todo, es vanguardia. Nada sucede que no sea una sacudida en los nervios o una invitación al asombro. Es atrevido hasta la impertinencia a impulsos de su curiosidad; por eso vive siempre en las avanzadas, y, tan impetuoso, que, por serlo jamás lo puede aprisionar el ridículo. No es cursi ni podrá serlo nunca, porque no hay innovación que no le pille de vuelta.

O meu Ourense! Arriba as penas románticas dunha canción algareira; no medio un corazón que sangra para derramar tenrura; e, un pouco máis abaixo, o Miño azulado mordendo os pés espídos! ¡O meu Ourense!

SRAS. E SEÑORES

O noso Ourense.

Dixen.

Moi agradecido pola vosa atención.

Comeza o quadrenio político 2019-2023 no goberno provincial de Ourense.

Que viva Ourense!!!

LEVÁNTASE A SESIÓN

Graciñas!!!”

Unha vez concluído o seu discurso, e ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. presidente dá por rematada a sesión constitutiva da Deputación, ás 12.55 horas do día vinte e oito de xuño de dous mil dezanove. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,